



GUÍA DO CURSO

P2001122 Creación de contidos dixitais para a aula virtual



ÍNDICE

| | |
|--|---|
| 1. Descrición do curso..... | 2 |
| 2. Obxectivos..... | 2 |
| 3. Persoas titoras..... | 2 |
| 4. Competencias profesionais do profesorado..... | 3 |
| 5. Contidos..... | 3 |
| 6. Seguimento e desenvolvemento do curso..... | 4 |
| 7. Comunicación coas persoas titoras e outros participantes..... | 6 |
| 8. Avaliación..... | 6 |



1. Descrición do curso

Neste curso traballarase con diversas ferramentas dixitais que permitirán aos docentes encher de contidos os seus cursos de aula virtual. Contemplaranse tanto os aspectos metodolóxicos e didácticos como os técnicos e funcionais. Os participantes coñecerán técnicas e estratexias para crear novo contido así como aproveitar aqueles que están dispoñibles para a comunidade educativa integrando calquera deles como elementos da plataforma Moodle co obxectivo final de favorecer o ensino mixto ou non presencial.

2. Obxectivos

1. Manexar ferramentas de autor para a creación de contidos dixitais.
2. Crear contidos dixitais propios para integralos na aula virtual.
3. Ter en conta a propiedade intelectual e a protección de datos na creación de contidos dixitais.

3. Persoas titoras

Esta actividade esta coordinada por **Manuel Abelleira Barros**, asesor TIC no Centro de formación e recursos de Pontevedra.

cfr.pontevedra.tic1@edu.xunta.gal

mabarros@edu.xunta.gal

Telegram: @abelleira

Teléfono CFR: 986872888

E a persoa titora vai ser:

Óscar Rodríguez García <osroga@edu.xunta.gal>

Esta persoa titora acompañará ao profesorado participante ao longo de todo o curso, tanto na experiencia de aprendizaxe global coma nos aspectos técnicos específicos da aula virtual, así encargarse de resolver todas as inquiredanzas que vaian xurdindo nos diferentes módulos mediante os correspondentes Foro de dúbidas.



4. Competencias profesionais do profesorado

Segundo o modelo de competencias profesionais docentes da Rede de Formación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través deste curso o profesorado fórmase prioritariamente nas seguintes competencias e sub-competencias:

-Competente en TIC - Ferramentas institucionais.

-Educador/a guía no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento do alumnado - Xestión dos espazos, recursos e materiais de aprendizaxe.

5. Contidos

Os contidos que se van a abordar neste curso son os seguintes:

1. Os REA, a propiedade intelectual e a protección de datos.
2. Bancos de recursos: o repositorio Abalar.
3. Creación de recursos interactivos con ferramentas de autor.
4. Ferramentas de edición na creación de contidos: audio, imaxe e vídeo.
5. Integración na aula virtual dos paquetes de contido.

Estes contidos vanse a organizar nos seguintes módulos:

- Módulo 0: Presentación
- Módulo 1: As TACs
- Módulo 2: Repositorios REA
- Módulo 3: Edición multimedia
- Módulo 4: Ferramentas de autor





Todos os módulos teñen uns contidos básicos a seguinte estrutura:

Comunicación

Espazo no que se situarán o Foro de presentación e os Foros de dúbidas para expresar e compartir as túas dúbidas ou inqedanzas. No caso de que sexa necesario realizar algunha videoconferencia, tamén será o lugar onde poderás acceder as ligazóns.

Información

Neste apartado atoparás toda a información relativa a cada módulo: titoriais, documentos, ligazóns, etc. É dicir, os contidos necesarios para poder completar as tarefas propostas. Para aquelas persoas que desexen ampliar os seus coñecementos estará dispoñible o cartafol Para afondar máis... con información adicional.

Acción

Sección na que aparecerán as Tareas obrigatorias a realizar en cada módulo, imprescindibles para que a persoa titora teña constancia da túa evolución e que será necesario completar na súa totalidade para conseguir a certificación oficial de ter superado o curso. Tamén poderás atopar algunha Tarefa voluntaria como retos para aqueles participantes que desexen avanzar nas súas prácticas.

6. Seguimento e desenvolvemento do curso

O seguimento e desenvolvemento do curso por parte do profesorado participante implica o seguinte:

- Lectura da guía do curso.
- Presentación persoal no Foro de presentación de participantes.
- Consulta dos materiais dispoñibles nos apartados
- Realización das tarefas propostas nos módulos coas que a cada participante irá construíndo o seu propio curso de aula virtual como produto final.
- A asistencia ás posibles videoconferencias que se poidan realizar durante o curso é totalmente voluntaria e non será valorada de cara á avaliación final do curso. Estes puntos de encontro son considerados como ferramentas adicionais para aclarar ou resolver posibles situacións que poidan xurdir durante a actividade de formación.



- No seguinte cadro atoparedes a temporalización de cada un dos módulos:

| CONTIDOS | DURACIÓN | TEMPORALIZACIÓN |
|---|----------|--|
| Módulo 0: Presentación do curso | 0 horas | Inicio: 26/04/2021; Fin: 26/04/2021 Data límite entrega tarefas: 26/04/2021 ás 23:00 h |
| Módulo 1: As TACs | 2 horas | Inicio: 26/04/2021; Fin: 29/04/2021 Data límite entrega tarefas: 29/04/2021 ás 23:00 h |
| Módulo 2: Repositorios REA | 4 horas | Inicio: 29/04/2021; Fin: 3/05/2021 Data límite entrega tarefas: 3/05/2021 ás 23:00 h |
| Módulo 3: Edición multimedia | 6 horas | Inicio: 03/05/2021; Fin: 09/05/2021 Data límite entrega tarefas: 09/05/2021 ás 23:00 h |
| Módulo 4: Ferramentas de autor | 7 horas | Inicio: 09/05/2021; Fin: 16/05/20215 Data límite entrega tarefas: 17/05/2021 ás 23:00 h |

De cara a unha mellor organización á hora de realizar este curso, indicar que unha vez pechado cada módulo, os contidos quedan dispoñibles para a súa consulta, pero a entrega de tarefas non será posible fóra do prazo establecido (aínda que haberá un prazo para entregas pendentes ata o 18/05/2021).

7. Comunicación coas persoas titoras e outros participantes

A primeira canle de comunicación tanto co profesorado participante no curso coma coas persoas titora e asesora do curso é o Foro de presentación de participantes.





Durante o desenvolvemento do curso dispoñeredes de dúas opcións de comunicación coa persoa titora:

- ➔ A través dos foros existentes en módulo. A comunicación que se realiza nos foros é pública, é dicir, calquera participante no curso poderá ler as túas intervencións no foro. Constituindo así unha valiosa ferramenta de aprendizaxe entre iguais.
- ➔ A través do sistema de mensaxaría interna da plataforma. As mensaxes enviadas por este medio son privadas entre ti e o teu comunicante, xa sexa a persoa titora ou calquera outro participante.

Para rematar este apartado, subliñar que o Foro de novas, avisos e anuncios será empregado polas persoas relatora ou asesora para comunicarvos avisos importantes, cambios de data ou imprevistos que poidan ir xurdindo.

8. Avaliación

En cada módulo haberá unha ou varias tarefas obrigatorias que deberán realizarse nos prazos previstos. Os criterios de valoración de cada unha delas están indicados nas propias instrucións. No caso de obter un resultado desfavorable, poderás repetir as tarefas seguindo as indicacións da persoa titora.

Para acadar unha avaliación positiva no curso e, polo tanto, certificar a actividade, deberánse entregar, polo menos, o 80% das tarefas obrigatorias propostas en prazo, e cumprindo cos criterios de valoración positiva establecidos.

